



REGULAMENTO XXXIII TRIATLON VILA DE ALLARIZ

Organiza: Concello de Allariz e Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno.

Patrocina: Concello de Allariz.

Colabora: Secretaría Xeral para o Deporte

Data: sábado, 23 de Agosto de 2025

Hora de saída: 18:00h

DISTANCIAS: Para todas as categorías 750m-24Km.-5000m

Limite de participación.- 125 participantes (+ 25 reservadas á organización).-

documentación completa, protección datos, pagamento e DNI, na Federación); outorgaranse por rigorosa orde de formalización da inscrición (entrada da documentación completa para 1 día) se houberse máis de 110 inscritos faranse dúas saídas consecutivas.

Elaborarase lista de agarda, unha vez superado o límite.

RECOLLIDA DE DORSAIS: De 16:30h a 17:30h no mesmo día da proba, na Alameda de Allariz.

CONTROL DE MATERIAL: 17:00 a 17:45h

REUNIÓN TÉCNICA: Nas inmediacións da saída ás 17:45

PARTICIPANTES:

Nesta proba poderán participar:

A/ Deportistas con licencia de Triatlón.

B/ Aquelas persoas que fagan licenza de un día (custo licenza temporal 1 día-20€/6€ xuvenís ata 16 anos na tempada)

Categorías: xuvenil (H/M), Júnior (H/M), Absoluta (H/M) e Veterán (H/M).

INSCRICIÓN:

Dende o venres 1 de agosto ao luns 18 de Agosto ou ata cubrir prazas .

Non se admitirán inscricións incompletas ou fóra de prazo. Todas serán confirmadas na

web. Prezo inscrición: 20 €

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado [Competicións/inscricións](#).

O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV

Deportistas con licenza de triatlón en vigor .-

a) Clubs

Accederán a través do apartado competicións, picando en [competicións/inscricións](#) e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón "inscrición" e introducirase o código do club e a contrasinal

b) Deportistas con licenza de triatlón en vigor

A inscrición realizarase online, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado [competicións/inscricións](#). Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario. O pagamento da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV.

c) Deportistas con licenza temporal de 1 día (non federados):

A inscrición realizarase online, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado [competicións/inscricións](#). Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario de deportistas con licenza temporal de 1 día. O abonamento da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV. (20,00€+(20,00€ / 6,00€) = 40,00€ Maiores/ 26,00 € xuvenís)

Será imprescindible, para que a inscrición de tramitación de calquera licenza temporal de 1 día sexa válida, enviar: a copia do DNI en vigor e o documento de protección de datos que poden descargar na seguinte ligazón

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/ficha-non-federados-1.docx>. á Federación Galega de Triatlón (fegatri@hotmail.com) a través da plataforma de inscricións.

BAIXAS E POÍTICA DE DEVOLUCIÓN

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Triatlón a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas, que non se axusten ao regulamento ou falta de documentación, rematado o prazo de inscrición serán anuladas e non se farán devolucións.

PUBLICACION DE LISTAXE DE PERSOAS

INSCRITAS a) Lista provisional

O xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de persoas inscritas (esta admite reclamacións cando na lista se dea algún erro debido ao manexo dos datos pola Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas na lista...). É moi importante revisar esta lista para ter opción a reclamar se houberse algún erro.

a) Lista Definitiva

O venres anterior á proba publicarase listaxe definitiva. Esta é firme e non admite cambios

Listaxe de agarda:

Esgotadas as prazas abrírase unha lista de espera que se xestionará diariamente, por orde de inscrición, segundo as vacantes que se vaian producindo e ata o remate do prazo de inscrición. Comunicarase ao/a participante correspondente, da lista de espera, por correo electrónico a vacante, dándolle prazo para formalizar a inscrición ata as 14.00 h do mesmo día. A última incorporación será feita o martes previo á proba ás 14.00 h.

PREMIOS:

Trofeo para os tres primeiros clasificados de cada categoría (M/F), para o primeiro club masculino e feminino e para 1º e 1ª deportistas con padrón xustificado no Concello de Allariz.

"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono"

Normas de competición

A carreira rexerase segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición das Federacións Galega e Española de Triatlón.